



DOSSIER 2019


XORNAL DE VIGO

xornaldevigo.gal

OLA!

OLA! SOMOS XORNAL DE VIGO

Xornal de Vigo naceu o 2 de maio de 2018 e é o primeiro gran xornal dixital en galego de Vigo e a súa área metropolitana. Centrado na principal urbe galega, tenta abordar a actualidade política, económica, cultural, deportiva e social de todo o sur de Pontevedra e quere dar voz aos pequenos concellos das comarcas do Val Miñor, Baixo Miño, O Morrazo, A Louriña e o Condado Paradanta.




The screenshot displays the Xornal de Vigo website interface. At the top, there is a navigation bar with the logo and categories: GRAN VIGO, POLÍTICA, ECONOMÍA, CULTURA, SUCECOS, DEPORTES, M. AMBIENTE E PATRIMONIO, MOV. SOCIAIS. Below the navigation bar, there is a section titled "DESTACAMOS" with a video player showing "E que carallo pasa co atraco de Audasa". The main content area features several news articles with images and headlines:

- SOCIEDADE:** Cárcere para os donos dun club de alterne de Vigo por non ter dadas de alta a traballadoras
- SUCESOS:** Buscan a un home que disparou contra unha cafetería en Vigo (24 Febreiro, 2019)
- ECONOMÍA:** VíDEO: "E que carallo pasa co atraco de Audasa"
- PUBLICIDADE:** Berce (ASOCIACIÓN DE INICIATIVA SOCIAL BERCE)
- PUBLICIDADE:** Imagen de un templo galego
- PUBLICIDADE:** PORQUE... NAS ORIBAS!
- ALDOURNA:** Desmantelan un dos máis importantes puntos de venda de drogas en Mos (23 Febreiro, 2019)
- ALDOURNA:** Píden 14 anos de cárcere para un acusado de agredir sexualmente a unha turista en... (23 Febreiro, 2019)
- ALDOURNA:** Morre un home de 51 anos por un paro cardíaco nos calabozos da comisaría da... (23 Febreiro, 2019)
- ALDOURNA:** Centos de persoas piden en Vigo a fin da peaxe a Redondela (23 Febreiro, 2019)

PUBLICIDADE

Xornal de Vigo ofrece un soporte ideal para campañas de branding e difusión de actividades de tódolos sectores de actividade económica dado que é un medio de contido xeralista e local polo tanto de máximo interese pola súa proximidade. Marcas e institucións de toda a comunidade como Abanca, Gadis, Xunta de Galicia, deputacións, R cable, xa son clientes e confían nos nosos soportes para os seus cometidos publicitarios

Alexa Traffic Rank



AUDIENCIA E REDES SOCIAIS

Actualmente Xonal de Vigo como moderno medio 100% dixital e orientado totalmente a internet medra e gaña máis de 1.000 seguidores en redes sociais ao mes a un ritmo do 6% mensual o que supón un crecemento 20 veces superior a outros medios convencionais presentes en Vigo. (Fonte:Facebook)

Así mesmo na área metropolitana de Vigo, XdV sitúase por enriba de calquera outro medio dixital, a excepción de Faro de Vigo, segundo a consultora Alexa, empresa de Amazon.

REDE DE MEDIOS

Xornal de Vigo forma parte dunha rede de medios que GC puxo en marcha en maio de 2018 con edicións locais e comarcais en colaboración con outr@s profesionais dos medios de comunicación. Desa colaboración xurdiron distintos xornais; xornaldevigo.gal, xornaldamariña.gal, lugoxornal.gal e xornaldelemos.gal



GALICIA CONFIDENCIAL



Galicia confidencial (www.galiciaconfidencial.com) é o xornal en lingua galega con máis audiencia da Internet e un dos xornais electrónicos máis lidos de Galicia. É, ademáis, o e-diario decano da prensa en galego, pois leva en liña ininterrompidamente dende 2003.

En decembro de 2017 acadou un dos grandes fitos dos medios en galego, ao situarse como terceiro xornal dixital de Galicia, só por detrás de Faro de Vigo e La Voz de Galicia.

Ferramentas de difusión utilizadas

1. Banners

Os banners son a materialización ideal da expresión 'unha imaxe vale máis ca mil palabras'. Nunhas poucas décimas de segundo, nunha sóa ollada, podemos alcanzar cunha mensaxe directa a un público potencial. Se ademáis a imaxe ten movemento ten un efecto neurolóxico moito máis potente ao conseguir reter a atención do espectador.

2. Artigos

Podemos redactar artigos temáticos empaquetando a súa imaxe institucional con información de interese para os nosos lectores. Desta forma envolvemos o núcleo da súa información comercial de forma que sea dixerida (digest) polos nosos lectores dunha forma natural e indexable polos principais buscadores.

3. Redes sociais

Fundamental para que o paquete de información chegue ao maior número de usuarios. Facémolo en tempo real en varias canles simultaneamente e incluso varias veces ao día para potenciar o alcance no tempo do público. As propias redes difundirán a información ata chegar ao alcance máximo.

Con estes elementos e a analizando as súas necesidades (de vostede cliente), deseñamos tácticas de alcance para o seu público obxectivo.